



NEOLÍTICO e MEGALITISMO

A presenza de pole de cereal e doutras plantas asociadas ao seu cultivo, constatada nos estudos de paleobotánica, parece confirmar que o megalitismo galego parte dun neolítico local, polo momento pouco coñecido.

O Megalitismo defínese, desde o punto de vista da arqueoloxía, pola existencia de túmulos –coñecidos popularmente como mámoas, antas, medorras, medoñas..., etc.– con cámara interior de pedra de varias formas e tamaños, aínda que nalgúns casos pode non haber cámara.

As dimensións dos túmulos oscilan entre os 10 e os 30 m. de diámetro e os 2-3 m. de altura. As estruturas que soen atoparse nas excavacións arqueolóxicas destes monumentos funerarios son:

1. Capa vexetal.
2. Coiraza ou enlousado de pedra que cobre todo o túmulo.
3. Capa de terra que, á súa vez, cobre á cámara.
4. Cámara, formada xeralmente por grandes lousas fincadas no cha virxe, lixeiramente inclinadas cara o centro e cubertas por outra de maior tamaño.
5. Anel perimetral.

Os materiais que aparecen nelas –como pode verse nas dúas vitrinas seguintes– son moi diversos. Están realizados en rochas de composición variada, case todas finamente pulimentadas. Xunto ás de uso coñecido, como ciceis, burís, eixadas, gubias, puntas de frecha, coitelos de sílex, alabardas, hai outras de uso incerto: mazas, obxectos fusiformes, dobres machados-bipennes, prismas naturais de cuarzo. É dicir, xunto aos materiais utilitarios atópanse outros con carácter de “luxo”, distintivo social ou de riqueza. Coincidindo coa fase final, aparecen pequenos obxectos de cobre e ouro.

Actualmente diferéncianse tres períodos na cultura megalítica:

- O 1º período, de formación ou inicial, esténdese entre os anos 3.500 ao 3.000 a. C.
- O 2º período, ou de apoxeo, iría desde o ano 3000 ao 2.500 a. C.
- O 3º período, ou final, -dentro del hai un “horizonte” denominado “Horizonte Rachaba”-, iría, do 2.500 ao 2.000 a. C.

O “Horizonte Rachaba” é o máis difundido por Lugo e a el pertencen os materiais expostos nas vitrinas que seguen. Coincidindo coa parte final deste período, chegaría a metalurxia.

Unha característica común aos tres períodos é a presenza de cerámica feita á man acompañando a algún enxovais funerarios como o da Mámoa de Buriz – Guitiriz. A máis abundante é a cerámica lisa de pasta de mala calidade.

As súas firmas van das globulares ás cilíndricas pasando por cuncas, ovoides, pseudoovoides, ... etc. A decoración pode estar realizada mediante incisións, acanaladuras e impresións.

Aínda que o cultivo do cereal aumenta, a alimentación humana complementábase coa colleita de landras.



NEOLÍTICO y MEGALITISMO

La presencia de polen de cereal y de otras plantas asociadas a su cultivo, constatada en los estudios paleobotánicos, parece confirmar que el megalitismo gallego parte de un neolítico local, de momento poco conocido.

El megalitismo se define, desde el punto de vista arqueológico, por la existencia de túmulos –conocidos popularmente como mámoas, antas, medorras, medoñas... etc- con cámara interior de piedra de varias formas y tamaños, aunque en algunos casos puede no haber cámara.

Las dimensiones de los túmulos oscilan entre los 10 y los 30m. de diámetro y los 2-3m. de altura. Las estructuras que se suelen encontrar en las excavaciones arqueológicas de estos monumentos funerarios son:

1. Capa vegetal.
2. Coraza o enlosado de piedra que cubre todo el túmulo.
3. Capa de tierra que cubre la cámara.
4. Cámara, formada, generalmente, por grandes losas hincadas en el suelo virgen, ligeramente inclinadas hacia el centro y cubiertas por otra de mayor tamaño.
5. Anillo perimetral.

Los materiales que aparecen en ellas –como puede verse en las dos vitrinas siguientes- son muy diversos. Están realizados en rocas de composición variada, casi todas finamente pulimentadas. Junto a las de uso conocido, como cinceles, buriles, azadas, gubias, puntas de flecha, cuchillos de sílex, alabardas, hay otras de uso incierto como mazas, objetos fusiformes, dobles hachas – bipennes- primas naturales de cuarzo. Es decir, junto a los materiales utilitarios se encuentran otros que poseen un carácter de “lugo”, distintivo social o de riqueza.

Coincidiendo con la fase final aparecen pequeños objetos de cobre y oro. Actualmente se diferencian 3 períodos en la cultura megalítica.

- El 1º período, de formación o inicial, se extendería entre los años 3500 al 3000 a.C.
- El 2º período, o de apogeo, iría desde el año 3000 al 2500 a.C.
- El 3º o final, que iría del 2500 al 2000 a.C. dentro de él se encuentra un horizonte denominado “Horizonte Rachaba”.

El 3º período, sobre todo el “Horizonte Rachaba”, es el más difundido por Lugo y a él pertenecen los materiales expuestos en estas dos vitrinas. Coincidiendo con la fase final de este período llegaría la metalurgia.

Una característica común a los tres períodos es la presencia de cerámica hecha a mano acompañando a algunos ajuares funerarios, la más abundante es la cerámica lisa de pasta de mala calidad. Sus formas van de las globulares a las cilíndricas, pasando por cuencos, ovoides, pseudoovoides... etc. La decoración puede estar realizada mediante incisiones, acanaladuras e impresiones.

Aunque el cultivo del cereal aumenta, la alimentación humana se complementa con la recogida de bellotas.